

Condición de muller

Xuízos de valor



HÉITOR MERA

Cae nas nosas mans este ensaio de María Xosé Queizán no que volve reflexionar sobre a condición e a situación da muller, neste caso centrándose en momentos da historia moi concretos e de suma importancia de cara aos logros e de cara ás inxustizas que de facto sufriron.

A contextualización neste ensaio é histórica e filosófica. O repaso polas diferentes teorías de diversos persoeiros de gran talla intelectual e de enorme importancia no eido do coñecemento de todos os tempos pon as fazulas encarnadas. Se ben é certo que hai que contextualizar e intentar comprender a época na que se produciron esas afirmacións onde, por exemplo, en pleno Século das Luces, se crea un proxecto de Lei para prohibir que as mulleres poidan aprender a ler, o certo é que a autora acerta amosando como esas afirmacións misoxinas conviven con outros postulados que nada teñen que ver, polo que albiscamos xa un certo debate.

M^a Xosé Queizán

Anti natura

ensaio

XERAIS



Desde Aristóteles e a súa teoría da alma e da materia onde está claro que no acto de procreación o home achega a alma e a muller a materia, ata Freud coa súa teoría sobre a frustración da muller por non ter pene, pasando polo conflito constante vivido na Revolución francesa con respecto ao tema, a autora describe estes procesos apoiada nun construto teórico e nun coñecemento histórico que lle dá verosimilitude e rigorosidade a certas partes do ensaio, pautas básicas que ao noso entender debe ter toda obra destas características, e debulla cun estilo non demasiado coidado, por veces case coloquial, estas teorías ben interesantes onde aprendemos cuestións valiosísimas que nos axudarán a interpretar aspectos cotiáns da nosa sociedade.

Con todo, se no eido da teorización e da exposición dos feitos concretos cremos que Queizán non decepciona, é no eido da ideoloxía subxacente, na aparición de xuízos de valor onde o ensaio se resinte por ser demasiado visceral e, por momentos, fóra da realidade. É esa liña que separa o ensaio do panfleto. Obra aproveitable. Sabendo diferenciar o que hai de teórico e obxectivo fronte aos simplimos, reduccionismos e xeralizacións varias cheas de tendenciosidade innecesaria.

QUEIZÁN, María Xosé, *Anti natura*, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 132 páxinas.